

ACTA DE VALORACIÓN DE CONCURSO

Curtis, 30 de xuño de 2025

Sendo ás 09:00 horas, reúnese o tribunal nomeado mediante resolución da alcaldía núm. 355/2025 do 19/06/25, para o proceso selectivo para a formación dunha listaxe de auxiliares de axuda no fogar:

- Presidenta: Celsa M^a Casas López, técnica persoal laboral fixo da administración local.
- Vogal: Susana Nieto Santos, orientadora laboral persoal laboral fixo da administración local.
- Vogal: Natalia Pita Vázquez, directora do centro de información á muller, persoal laboral fixo da administración local.
- Vogal: Alba Aller Labandeira, auxiliar administrativa, funcionaria de carreira da administración local.
- Secretario: Óscar López Figueroa, administrativo funcionario de carreira da administración local.

A valoración da fase de concurso rexeráse polo establecido no Decreto da Alcaldía número 276/2025 do 19/05/25 polo que se aproban as bases que rexerán o proceso selectivo.

A Base sexta, establece sobre a fase de concurso:

“2. Fase de Concurso: Máximo 4 puntos

Nesta fase o tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

Puntuación da Experiencia profesional (Máximo 4 puntos):

- *Por servizos prestados na Administración Pública ou entidade pública dependente da mesma coma auxiliar de axuda no fogar: 0,20 puntos por cada mes de servizo, ata un máximo de 4 puntos.*
- *Por servizos prestados en empresas ou entidades privadas coma auxiliar de axuda no fogar: 0,10 puntos por cada mes de servizo, ata un máximo de 4 puntos.*

A este efectos reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo menores á xornada completa.

Non se puntuarán períodos inferiores a un mes.

A experiencia profesional nas Administracións Públicas deberá acreditarse mediante certificación, expedida pola Administración Pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados. Para tal efecto non se terán en conta as fotocopias de contratos de traballo, nin a vida laboral expedida pola tesourería xeral da Seguridade Social. Enténdese por servizos prestados na Administración pública os que derivan dunha contratación laboral, da condición de persoal funcionario de carreira ou interino en calquera das súas modalidades.

Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

Doutra banda, a experiencia profesional en empresas ou entidades privadas acreditarase mediante contrato laboral máis informe de vida laboral, ou certificación da administración correspondente, onde conste o posto de traballo, tempo traballado, xornada laboral e relación xurídica laboral.

Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

Os contratos laborais que non sexan acompañados da vida laboral non se terán en conta.

Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o/a interesado/a deberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas. En todo caso, ditos méritos se valorarán con referencia á data de inicio do prazo de presentación de instancias/solicitudes de participación no proceso selectivo.

A puntuación acadada será a suma total dos méritos presentados, ata un máximo de 4 puntos.

En caso de empate, éste resolverase por orden alfabético comenzando pola letra do derradeiro sorteo publicado ao que se refire o regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.”

Deste xeito, e de conformidade co establecido nas bases, procédese a valoración dos méritos aportados polos aspirantes durante o prazo de presentación de instancias:

DNI	Apelidos e Nome	Puntuación
*5*9*5*5*	Barreira Gregorio, María Conceição	4,00
*2*0*5*8*	Barreiro Novoa, María del Pilar	0,00
*7*6*8*6*	Cardoso dos Santos, María Francisca	0,37
*3*4*3*1*	Freire Caamaño, Tania	4,00
*6*1*5*3*	Lamas Bugallo, Ángeles	0,81
*4*8*7*3*	López Barreira, Virginia	0,16
*0*2*5*8*	López Pampín, Laura	0,30
*7*6*4*3*	Otero Castro, Judit	0,00
*6*5*3*5*	Sánchez López, María Esther	0,00
*3*5*2*5*	Sánchez Sánchez, María de la Paz	4,00

Faise constar que non foron obxecto de valoración aqueles méritos que non cumpren os requisitos esixidos nas bases.

Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación da presente acta, para efectuar as alegacións que estimen oportunas.

En caso de que non se presente alegación algunha, os resultados elevaranse a definitivos.

Sendo as 09:30 horas, dase por rematada a reunión.

A presidenta

O secretario

Os vogais